

Curso de portugués. Nivel B1

Organízanse dous tipos de cursos, cuadrimestrais e intensivos:

TIPO: Cuadrimestral

DURACIÓN: 55 horas

LUGAR: Campus Vigo.

EXAME: Exame de nivel ao final do cuadrimestre.

TIPO: Intensivo

DURACIÓN: 40 horas. Os cursos intensivos convócanse principalmente no período estival.

LUGAR: Campus Vigo.

EXAME: Exame de nivel ao final do curso.

Obxectivos

Adquirir coñecementos intermedios de lingua portuguesa. Dirixido a persoas con coñecementos básicos previos da lingua.

De acordo co Marco Común Europeo de Referencia (MCER) o Nivel B1 adquírese cando o/a estudante é capaz de comprender os puntos principais de textos claros e en lingua estándar si tratan sobre cuestións que lle son coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de lecer; cando sabe desenvolverse na maior parte das situacións que poden xurdir durante unha viaxe; cando é capaz de producir textos sinxelos e coherentes sobre temas que lle son familiares ou nos que ten un interese persoal; e cando pode describir experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como xustificar brevemente as súas opinións ou explicar os seus plans.

Como acceder

Realización de proba de nivel, ou acreditar o coñecemento da lingua achegando certificado de nivel A2 obtido nos últimos tres anos.

Certificados

CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

CERTIFICADO DE NIVEL: é preciso superar o exame do curso

Prezos por cuadrimestre

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 215 €

Público en xeral: 260 €

Prezos curso Intensivo

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 156 €

Público en xeral: 190 €

Outros datos de interese

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.

* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.